

# NORMAS EN CASO DE EMERXENCIA

- 1º Produciuse unha situación de emerxencia (incendio,... ).
- 2º Dáse aviso á dirección do Centro.
- 3º Director ou responsable chama ó 112 e conéctase a alarma para aviso de emerxencia colectiva.



## NORMAS PARA A EVACUACIÓN

- 1º O timbre soa 3 veces con toques de 10 segundos cada un.
- 2º Cada grupo actuará de acordo coas indicacións do seu profesor.
- 3º @s alumn@s que ó soar a alarma se atopasen nos aseos ou noutros locais incorporaranse ó grupo máis próximo que se atope en movemento de saída.
- 4º @s alumn@s NON deberán recoller os seus efectos persoais.
- 5º O profesor/a ou delegad@ asomaras e á porta para comprobar a orde de saída.
- 6º Iniciarase a evacuación ordenadamente, seguindo as liñas pintadas no chan, comezando polas aulas máis afectadas. Pero a orde xeral de evacuación será empezar polas aulas máis próximas ás escaleiras.
- 7º Os primeiros en evacuar serán os das plantas baixas, cando estean a punto de rematar continuarase por orde ascendente (agás que haxa a emerxencia noutro lado e teña que ser o primeiro en evacuar).
- 8º Tódolos movementos deberán realizarse rápido pero ordenadamente, sen correr, atropelar, nin empurrar ós demais.
- 9º Non deterse xunto ás portas de saída.
- 10º @ delegad@ e @ profesor/a da clase serán os últimos en saíren da aula, comprobando que non quede ninguén dentro e que quedan cerradas tódalas ventás e cerrarse a porta (pero NON se pechará con chave).
- 11º Camiñarase nos andares e escaleiras pegado ás paredes para deixar libre o centro da vía.
- 12º En zonas de fume, tranquilidade, poñer un pano na cara e ir o máis agachado posible.
- 13º Haberá un profesor/a de garda en cada planta coordinando a evacuación.
- 14º No caso de que algunha vía de evacuación estea obstruída por algún obstáculo, será apartado pol@s alumn@s, se é posible, de maneira que non provoque caídas das persoas ou deterioro do obxecto.
- 15º @s alumn@s, profesores/as e persoal do Centro farán o punto de reunión na pista de futbito.
- 16º Unha vez no punto de reunión NON romper a fila para facilitar ó profesor o control dos alumn@s.



Emerxencias Galicia

**112**